



A Secretaría Xeral de Política Lingüística xa ten dispoñible para [descargar o corrector de galego 'Imaxin Galgo 2.0'](#), unha ferramenta que adiantan "facilitará" o uso do galego dentro das novas tecnoloxías. Trátase do primeiro corrector que soluciona non só erros de carácter tipográfico e ortográfico, senón tamén léxicos, que se poden atopar en textos escritos en galego.

Durante a súa presentación a pasada semana na Cidade da Cultura, Jesús Vázquez (Cultura) asegurou que a ferramenta "favorece o uso correcto" do galego, á vez que permite a súa "aprendizaxe", dado que inclúe a corrección de léxico incorrecto en galego e suxestións.

Ao mesmo tempo, destacou, "mellora o prestixio do galego" e favorece a súa presenza nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como outras iniciativas apoiadas pola Xunta no marco do Plan Xera de Normalización da Lingua e da Axenda Dixital 2014.gal, como o Dicionario de pronuncia de lingua galega online ou a candidatura de dominio .gal.

## Imaxin Galgo

O corrector Imaxin Galgo 2.0, que pode descargarse de forma gratuíta na [web da Secretaría](#) . Trátase dunha versión actualizada desta ferramenta, que presenta tres novidades fundamentais: está adaptado á normativa da Real Academia Galega de 2003, está actualizado para as novas versións de Microsoft Word para Windows e conta con versión para Mac.

## **O novo corrector Imaxin Galgo 2.0 de galego xa está dispoñible para a súa descarga gratuíta.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 20 Setembro 2012 00:35

---

A diferenza doutros programas similares, ofrece a vantaxe de solucionar, á vez que os erros tipográficos e ortográficos, outros de carácter léxico.